

#EuTraballoGratis

Desde o 29 de novembro ao 31 de decembro
as mulleres españolas TRABALLAMOS GRATIS



No conxunto da Unión Europea por cada euro que gaña un home, unha muller ingresa 87 céntimos. En España a situación mellora, por cada euro que gaña un home unha muller en España ingresa 91,1 céntimos.

Na UE, as mulleres cobran en salario/hora un 12,7 % menos que os homes de media. Isto equivale a un mes e medio de salario ao ano (46,35 días de salario). Por este motivo, a Comisión Europea celebrará o Día da Igualdade Salarial o 15 de novembro como un día simbólico para concienciar sobre o feito de que as traballadoras en Europa desde esa fecha ata finais de ano “traballan gratis”

En España nos sumamos a esta concienciación da poboación en relación á brecha salarial que soportan as mulleres asalariadas españolas. De media cobramos un 8,9 % menos que os homes en salario/hora. Iso supón 32,48 días ao ano que traballamos gratis, por tanto este ano desde o 29 de novembro ata finais de ano traballamos gratis.

Calendario europeo de brecha salarial 2022 (Salario por hora traballada)


	Unión Europea	España
% de brecha salarial entre mulleres e homes	12,7	8,9
Nº de días al ano traballados polas mulleres e non retribuídos (tomando como referencia 365 días)	46,35	32,48
Data desde a que as mulleres traballan de forma gratuita	Desde o 15 de novembro ata o 31 de decembro	Desde o 29 de novembro ata o 31 de decembro

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT 2023

Datos de Galicia elaborados a partir da Enquisa anual de Estrutura Salarial (2021) do INE

% de brecha salarial entre mulleres e homes	9,3
Número de días ao ano traballados polas mulleres e non retribuídos	34
Data dende a que as mulleres traballan de forma gratuíta	Dende o 28 de novembro ata o 31 de decembro

Mentres que a diferenza salarial media entre mulleres e homes na Unión Europea descendeu do 15,8 % no 2010 ao 12,7 % 2021, un total de 3,1 puntos porcentuais, en España foron 7,3 puntos porcentuais os que descendeu nos últimos once anos, desde 2010 a 2021 que é o ano máis recente do que temos datos, máis do dobre da media europea.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT 2023


Os casos máis chamativos das diferenzas salariais entre mulleres e homes sitúanse nos extremos. A brecha de Luxemburgo reflicte que neste país os salarios das mulleres son máis elevados que os dos homes. Mentres que en Estonia por cada euro que cobra un home unha muller recibe 80 céntimos.

España sitúase en sétimo lugar na Europa dos 27 coas brechas salariais máis baixas. E iso é debido ás políticas españolas en materia de igualdade retributiva entre mulleres e homes dos últimos cinco anos. As sucesivas subidas do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), que pasou de 900 euros brutos mensuais en 2019 a 965 euros en 2021, ano que analiza a fonte estatística europea Eurostat en 2023.

En España ademais das subidas do SMI, que alcanzou os 1.080 euros en 2023, pero que aínda non foi analizada a repercusión desta subida no acurtamento das diferenzas de salarios entre mulleres e homes, aprobouse en 2019 o Real Decreto de medidas urxentes

para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, que introducía a definición de salario de igual valor no Estatuto dos Traballadores. Ademais da obrigatoriedade dos rexistros salariais desagregados por sexo.

Esa norma foi desenvolvida en materia retributiva polo Real Decreto de Igualdade Retributiva 2020, que introducía ademais dun desenvolvemento sobre os rexistros salariais aos que están obrigadas todas as empresas españolas, as valoracións dos postos de traballo con perspectiva de xénero que deben ser levadas a cabo en todos os convenios colectivos e nas empresas obrigadas a ter un Plan de Igualdade, e as auditorías retributivas como elemento esencial dos Plans de Igualdade para detectar se existen discriminacións salariais cara as mulleres e eliminalas.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT 2023

Os casos máis chamativos das diferenzas salariais entre mulleres e homes sitúanse nos extremos. A brecha de Luxemburgo reflicte que neste país os salarios das mulleres son máis elevados que os dos homes. Mentres que en Estonia por cada euro que cobra un home unha muller recibe 80 céntimos.

España sitúase en sétimo lugar na Europa dos 27 coas brechas salariais máis baixas. E iso é debido ás políticas españolas en materia de igualdade retributiva entre mulleres e homes dos últimos cinco anos. As sucesivas subidas do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), que pasou de 900 euros brutos mensuais en 2019 a 965 euros en 2021, ano que analiza a fonte estatística europea Eurostat en 2023.

En España ademais das subidas do SMI, que alcanzou os 1.080 euros en 2023, pero que aínda non foi analizada a repercusión desta subida no acurtamento das diferenzas de salarios entre mulleres e homes, aprobouse en 2019 o Real Decreto de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, que introducía a definición de salario de igual valor no Estatuto dos Traballadores. Ademais da obrigatoriedade dos rexistros salariais desagregados por sexo.

Esa norma foi desenvolvida en materia retributiva polo Real Decreto de Igualdade Retributiva 2020, que introducía ademais dun desenvolvemento sobre os rexistros salariais aos que están obrigadas todas as empresas españolas, as valoracións dos postos de traballo con perspectiva de xénero que deben ser levadas a cabo en todos os convenios colectivos e nas empresas obrigadas a ter un Plan de Igualdade, e as auditorías retributivas como elemento esencial dos Plans de Igualdade para detectar se existen discriminacións salariais cara as mulleres e eliminalas.

#EuTraballoGratis